



Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

PROCEDEMENTO

Atención a estudantes e orientación profesional

CÓDIGO AC-02 ÍNDICE 00

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Vicerreitor/a de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria	Comisión de Calidade da Eido	Comité de Dirección da Eido
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Xestión Académica (AC)

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	20.10.2018	Vicerreitor/a de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria	Creación do procedemento AC-01, <i>Atención a estudantes e orientación profesional</i> , no marco do programa de SGC (Fides-Audit) de doutoramento da Universidade de Vigo.

Índice

I OBXECTO 3

II ALCANCE 3

III REFERENCIAS 3

IV DESENVOLVEMENTO 5

V ANEXOS 10

I OBXECTO

Definir a metodoloxía para informar, atender e orientar os doutorandos/as ao longo da súa aprendizaxe académica e formación investigadora así como expedirlles, cando proceda, o título de doutor/a.

II ALCANCE

O alcance do presente procedemento esténdese á orientación sobre as actividades académicas de carácter xeral, administrativas e de extensión universitaria, así como a orientación profesional para os doutorandos/as dos programas de doutoramento adscritos á Escola Internacional de Doutoramento (Eido) da Universidade de Vigo.

En particular, cando os programas sexan interuniversitarios, terase en conta os aspectos establecidos no convenio de colaboración.

Nota 1: a orientación académica específica do PD trátase no procedemento *Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as*.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación, normativa e estándares de calidade de referencia que afecta a este proceso poden atoparse na ficha do proceso.

A lexislación e normativa xeral que afecta ao SGC da Eido está descrita no Manual de Calidade.

III.2. Definicións

- :

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- ANECA: Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación
- CAPD : comisión académica do programa de doutoramento
- Eido : Escola Internacional de Doutoramento
- QSP : queixa, suxestión ou parabén
- SGC : sistema de garantía de calidade

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Facilitar a aprendizaxe dos doutorando/as e a súa formación investigadora mediante actividades e recursos de apoio (acollida, seguimento, orientación).


IV.2. Responsable do proceso


Vicerreitor/a de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

IV.3. Indicadores


Non hai indicadores asociados a este proceso.

IV.4. Diagrama de fluxo





B) ANÁLISE E MELLORA



Comentarios

- **Etapa 40:** deseño ou modificación das actividades institucionais de atención e orientación

A universidade pon a disposición dos doutorandos/as matriculados diversos mecanismos de atención e orientación. Estes mecanismos funcionan tendo en conta o perfil dos doutorandos/as :

-novo ingreso:

- xornadas de acollida (institucionais e específicas de cada programa),
- información na web institucional e específica do programa e acceso ao portal de servizos electrónicos,
- información e orientación académica xeral e administrativa (Servizo de Información ao Estudante, Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)
- información sobre actividades de extensión cultural, asociacionismo, deportes... (Servizo de Información ao Estudante)
- orientación psicopedagóxica (Gabinete Psicopedagóxico)

-continuación de estudos: ademais dos servizos anteriores, podemos engadir

- orientación sobre estadías e mobilidade en universidades e organismos nacionais ou internacionais (Oficina de Relacións Internacionais)
- información sobre bolsas pre-doutorais, de mobilidade (Servizo de Información ao Estudante),

-futuros investigadores/as : orientación profesional

- información sobre ofertas laborais
- orientación sobre a carreira investigadora.

V ANEXOS

Este procedimiento non ten anexos.

Rexistros

Este procedimiento non ten rexistros.